



DATOS IDENTIFICATIVOS

Liderado

Materia	Liderado			
Código	V55M164V01110			
Titulación	Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	An
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo			
Coordinador/a	Moar Martínez, Antonio			
Profesorado	Cebreiros Fernández, Javier Escario Pascual, Carlos Luis Moar Martínez, Antonio			
Correo-e	antonio@moar.es			
Web	http://www.ieside.edu			
Descrición xeral	Nesta materia traballarase no adestramento das competencias para o liderado mediante metodoloxías innovadoras que teñen os seguintes obxectivos: comprender mellor moitos dos comportamentos das persoas coas que un se relaciona; pór en cuestión, revisar e superar determinadas autolimitacións; apreciar as vantaxes do traballo cooperativo en equipo; e analizar as destrezas directivas do propio alumno, identificando as súas cualidades e algunhas das súas carencias. En definitiva, adquirir unha maior conciencia do significado do liderado persoal e da influencia do desenvolvemento da intelixencia emocional, no benestar persoal e no rendemento profesional.			

Competencias

Código	
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B8	Actuar con eficacia nunha variedade de roles de equipo e asumir funcións de liderado.
C12	Desenvolver as destrezas necesarias para o exercicio dunha dirección efectiva de equipos de persoas.
D1	Liderado: Influir sobre as persoas e/ou grupos anticipándose ao futuro e contribuíndo ao seu desenvolvemento persoal e profesional.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer, asumir e practicar as normas de comportamento adecuadas para garantir o necesario grao de cooperación e de aprendizaxe durante o desenvolvemento da titulación.	A5 B8 C12 D1
Comprender mellor moitos dos comportamentos das persoas coas que un se relaciona. Persoas que pensan, senten e actúan de forma diferente a un mesmo, revolucionando o desenvolvemento da intelixencia emocional interpersoal.	A5
Pór en cuestión, revisar e superar determinadas autolimitacións.	A5 B8
Apreciar as vantaxes do traballo cooperativo en equipo.	B8
Analizar as destrezas directivas do propio alumno, identificando as súas cualidades e algunhas das súas carencias.	A5 B8 C12 D1

Adquirir unha maior conciencia do significado do liderado persoal e da influencia do desenvolvemento da intelixencia emocional, no benestar persoal e no rendemento profesional.	A5 B8 C12 D1
Deseñar, de maneira transversal, un plan persoal de desenvolvemento das competencias que identificou como máis transcendentales para o seu futuro profesional.	A5

Contidos

Tema	
LIDERADO E COMUNICACIÓN	Comunicación auténtica Ferramentas de xestión emocional e comunicación empática Liderado e responsabilidade Crear contornas de alto rendemento Sentido e motivación
LIDERADO E TRANSFORMACIÓN DA ORGANIZACIÓN	Estilos de liderado Arquitectura dos equipos sáns, efectivos e saudables Ciclos de vida das organizacións Xestión e resolución de conflitos Motivación, sentido de propósito e liderado de servizo Ecuación de valor por esforzo
LIDERANDO EQUIPOS	Competencias, actitudes e coñecementos craves Traballar, adestrar e desenvolvernos como líderes: funcións e prioridades O feedback como ferramenta de desenvolvemento profesional

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	1	2	3
Debate	4	12	16
Traballo tutelado	10	20	30
Resolución de problemas	3	15	18
Lección maxistral	6	2	8
Observación sistemática	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	O profesor orientará e supervisará as presentacións realizadas polos alumnos, tanto de forma individual como en grupo.
Debate	O profesor atenderá a calquera dúbida respecto dos temas expostos e obxecto de debate, pódose a disposición dos alumnos para resolver calquera cuestión que se lle expoña.
Traballo tutelado	O profesor guiará e supervisará o traballo a realizar, así como a evolución de cada un dos estudantes. Liquidará as dúbidas que poidan xurdir, realizará preguntas específicas e fomentará o debate ao redor dos temas obxecto de análises.
Resolución de problemas	O estudante terá un seguimento continuo e unha atención personalizada, a través da resolución de problemas e/ou exercicios e do control do traballo realizado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	20	A5 B8
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.	20	A5 B8 C12 D1
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...	20	A5 B8 C12 D1
Resolución de problemas	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	20	A5 B8 C12 D1
Observación sistemática	Técnicas destinadas a recopilar datos sobre a participación do alumno, baseados nunha listaxe de condutas ou criterios operativos que facilite a obtención de datos cuantificables.	20	A5 B8 C12 D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FRANKL, V., **El hombre en busca de sentido**, Herder Editorial, 2015

GOLEMAN, D.; BOYATZIS, R.E. y MCKEE, A., **El líder resonante crea más**, Plaza & Janés, 2002

PALOMERO, E., **LiderARTE: Todas las claves para dirigir y motivar a tu equipo**, Gestión 2000, 2013

Bibliografía Complementaria

COVEY, S.R., **Los 7 hábitos de la gente altamente eficaz**, Paidós, 2011

JERICÓ, P., **No miedo. En la empresa y en la vida**, Alienta, 2007

PEÑALVER, O., **Emociones colectivas. La inteligencia emocional de los equipos**, Alienta, 2009

WHITMORE, J., **Coaching: el método para mejorar el rendimiento de las personas**, Paidós, 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Habilidades Directivas/V55M164V01111

Prácticas en Empresas/V55M164V01201

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xestión e Administración de RR. HH./V55M164V01107

Outros comentarios

O estudante debe revisar diariamente a conta de correo de IESIDE, dado que os avisos e comunicacións faranse a esa conta.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as metodoloxías descritas nesta guía pódense levar a cabo de forma non presencial, por tanto non é necesario facer cambios.

As clases presenciais serán substituídas pola súa versión virtual, con sesións en aula virtual e/ou gravación das sesións. Isto farase en combinación co traballo autónomo por parte do estudante. Estas modificacións levaranse a cabo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar, para garantir a accesibilidade dos estudantes aos contidos docentes.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Ningunha.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)
As sesións de tutorización poderanse realizar por medios telemáticos, como o correo electrónico ou vídeo conferencia.

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir
Non é necesario modificar os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe
Non é necesario bibliografía adicional.

* Outras modificacións
Ningunha.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas
Non se modifican.

* Probas pendentes que se manteñen
Todas.

* Probas que se modifican
No caso de que as probas non se poidan realizar de forma presencial, faranse de forma virtual. Isto pode incluír o uso da webcam así como o uso da cámara do móbil do alumno, para a vixilancia durante a realización das probas. Tamén será imprescindible que o estudante comparta o escritorio do computador no cal se están levando a cabo as probas. As probas poderán ser gravadas.

* Novas probas
Ningunha.

* Información adicional
Non é necesario modificar os contidos nin adaptar os criterios de avaliación.
